

B A N D O

Como consecuencia da convocatoria de eleccións ao **Parlamento de Galicia 2024** mediante Decreto 150/2023, do 25 de decembro, e de conformidade co establecido no artigo 39 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, ponse en coñecemento do público en xeral que **o prazo de exposición pública do Censo Electoral será do 1 ao 8 de xaneiro, ambos incluídos.**

O servizo de consulta realizarase por medios informáticos, de maneira individual para cada persoa que solicite a consulta, logo da súa identificación, e levarase a cabo nas oficinas seguintes:

- Rexistro municipal da Casa do Concello, situada na planta baixa (rúa Adro nº 1, Cambre) no horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.
- Rexistro auxiliar Servizos Múltiples O Temple (rúa Tapia, nº 3, O Temple) no horario de 8:30 a 11:00 horas o luns, mércores e venres, martes e xoves de 9 a 14 horas.
- Rexistro auxiliar do Centro Socio Cultural da Barcala (rúa Río Barcés, nº 6, A Barcala, Cambre), no horario de 12:00 a 14:00 horas o luns, mércores e venres.

Durante o período electoral, vai estar dispoñible en internet un servizo de consulta para que os electores poidan comprobar os datos da súa inscrición no censo electoral con certificado electrónico dos publicados na sede electrónica do INE, na dirección https://sede.ine.gob.es/consulta_electoral_elecciones

Durante o citado prazo, os cidadáns con dereito a voto residentes no concello, poden presentar a reclamación administrativa respecto da súa inclusión ou exclusión no censo. A reclamación faráa o propio interesado, acreditándose co seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir, do que se unirá fotocopia á reclamación.

Para máis información existe o seguinte teléfono de consulta: **900 343 232**, co seguinte horario:

- de luns a venres 9:00 a 14:00

Instase á consulta do censo, sobre todo a aquelas persoas que cumpriron recentemente os 18 anos, así como a aquelas persoas que cambiaron de domicilio nos últimos meses.

Faise constar que terán dereito de voto neste municipio as persoas empadroadas ata o día 28 de setembro de 2023, incluído. Aquelas persoas que se empadroaron con posterioridade á dita data teñen dereito ao voto no municipio de onde proceden.

Cambre, asinado electrónicamente
O alcalde

Oscar A. García Patiño